

MATERIA

Dereito Penal, Parte Especial – Delitos contra a orde socioeconómica e contra a comunidade

TITULACIÓN

Grao en Dereito

unidade  
didáctica  
1

Ciencias Sociais e Xurídicas

# O delito de corrupción deportiva

Natalia Pérez Rivas

Departamento de Dereito Público Especial e da Empresa  
Facultade de Dereito

unidadesdidácticas  
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

© Universidade de Santiago de Compostela, 2020

**Deseño e maquetación**

J. M. Gairí

**Edita**

Servizo de Publicacións e Intercambio Científico  
da Universidade de Santiago de Compostela  
[usc.gal/publicacions](http://usc.gal/publicacions)

ISBN

978-84-18445-33-0

DOI

<https://dx.doi.org/10.15304/9788418445330>

**MATERIA: Dereito Penal, Parte Especial – Delitos contra a orde socioeconómica e contra a comunidade**

**TITULACIÓN: Grao en Dereito**

PROGRAMA XERAL DO CURSO

Localización da presente unidade didáctica

### **BLOQUE I**

1. Delitos contra a orde socioeconómica.
2. Financiación ilegal dos partidos políticos.
3. Delitos contra a Facenda Pública e contra a Seguridade Social.
4. Delitos contra os dereitos dos traballadores.
5. Delitos contra os dereitos dos cidadáns estraxeiros.
6. Delitos relativos á ordenación do territorio e a protección do patrimonio histórico e do medioambiente.
7. Delitos contra a seguridade colectiva.

### **BLOQUE II**

8. Delitos contra a fe pública.
9. Delitos contra a Administración Pública.
10. Delitos contra a Administración de Xustiza.
11. Delitos contra a Constitución.
12. Delitos contra a orde pública.
13. Delitos de traizón, contra a paz ou a independencia do Estado, e relativos á defensa nacional.
14. Delitos contra a comunidade internacional.

## ÍNDICE

---

### PRESENTACIÓN

### OS OBXECTIVOS

### OS PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

### OS CONTIDOS BÁSICOS

1. Regulación legal
2. Ben xurídico protexido
3. Tipo obxectivo
  - 3.1. Ámbito obxectivo
  - 3.2. Conduto típica
    - 3.2.1. Corrupción deportiva pasiva
    - 3.2.2. Corrupción deportiva activa
    - 3.2.3. Obxecto material
  - 3.3.4. Iter criminis
  - 3.3.5. Autoría e participación
4. Tipo subxectivo
5. Penalidade
6. Circunstancias modificativas da responsabilidade penal
  - 6.1. Tipo atenuado
  - 6.2. Tipo agravado

### ACTIVIDADES PROPOSTAS

1. Caso práctico
2. Pregunta

### AVALIACIÓN

### BIBLIOGRAFÍA

## PRESENTACIÓN

---

A presente unidade didáctica titulada «O delito de corrupción deportiva» concentra os coñecementos básicos sobre unha lección da materia «Dereito Penal, Parte Especial – Delitos contra a orde socioeconómica e a comunidade», impartida non terceiro curso do Grao de Dereito. A súa duración será de setenta e cinco minutos, dos cales uns cincuenta minutos corresponderanse cunha clase expositiva e os vinte e cinco minutos restantes co desenvolvemento dun caso práctico.

A tipificación, pola Lei Orgánica 5/2010, do 22 de xuño (en diante LO 5/2010), da corrupción entre particulares (art. 286 bis CP) é froito das obrigacións supranacionais asumidas por España. Con todo, o lexislador español foi máis aló do disposto nas normas sobre corrupción privada existentes nese momento –que limitaban a súa aplicación ás actividades económicas, financeiras ou comerciais– tipificando, no apartado 4º do citado artigo, a fraude nas competicións deportivas. Desta forma, adiantouse ao que, anos máis tarde, se converteu nunha esixencia coa promulgación, o 18 de setembro do 2014, do Convenio do Consello de Europa sobre a manipulación das competicións deportivas.

A Exposición de Motivos da LO 5/2010 pouco ou nada dicía sobre as razóns da súa tipificación. Limitábase a apuntar que se consideraba conveniente castigar penalmente “as condutas máis graves de corrupción no deporte”. Con todo, a razón última achábase na presentación da candidatura de Madrid aos Xogos Olímpicos de 2016 e a necesidade de mostrar ao COI, ante os últimos escándalos acaecidos no deporte español, o arsenal punitivo co que España estaba a dotarse para a loita contra a dopaxe e a fraude no deporte. A iso sumábase a solicitude expresa formulada ao lexislador nun documento suscrito por diversas Ligas Profesionais e Asociacións deportivas –a Liga Nacional de Fútbol Profesional, a Asociación de Clubs de Baloncesto, a Asociación de Clubs de Balonmán, a liga Nacional de Fútbol sala, a Asociación de Futbolistas Españóis e a Asociación de Baloncestistas Profesionais– de proceder á modificación do Código penal para sancionar a manipulación das competicións deportivas. É máis, o 11 de xullo do 2008, a Liga Nacional de Fútbol Profesional chegou a presentar ante o Consello Superior de Deportes un proxecto de Lei contra a fraude no deporte que viña reproducir, mimeticamente, o disposto na lexislación portuguesa.

Tan só cinco anos despois da súa inicial previsión, a Lei Orgánica 1/2015, do 30 de marzo (O 1/2015), procedeu á súa modificación para “introducir algunhas melloras técnicas” na súa regulación. Non obstante, esta reforma tampouco deu resposta ás principais críticas formuladas pola doutrina á súa forma de tipificación. Neste censo, resulta necesaria a redacción dun artigo propio e independente que, sobre a base das recomendacións formuladas pola doutrina e a experiencia comparada existentes, dea unha axeitada resposta a este fenómeno criminal que se atopa en plena expansión.

## OS OBXECTIVOS

---

Ao rematar esta unidade didáctica o alumnado será capaz de:

- Coñecer os elementos que configuran o delito de corrupción deportiva.
- Identificar e analizar criticamente os principais problemas prácticos que se derivan da actual regulación deste delito.
- Debater xuridicamente sobre distintas propostas para resolver as lagoas punitivas detectadas.
- Manexar con destreza os textos legais, a xurisprudencia e a bibliografía científica como ferramentas de información que faciliten a resolución das dúbidas.

## OS PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

---

O método que se empregará para alcanzar eses obxectivos será, principalmente, o expositivo. Ao longo de cincuenta minutos, seguindo o modelo da clase maxistral, desenvolverase o contido teórico xeral do tipo delituoso que abarcará os seguintes aspectos: o ben xurídico que se aspira a protexer, os elementos obxectivos e subxectivos que presenta a súa redacción típica, as circunstancias agravantes e atenuantes, as relacións con outras figuras delituosas, así como as concretas sancións penais previstas. Ben é certo que o cambio de paradigma educativo que implicou a adaptación ao Espazo de Educación Superior Europeo (EEES) esixe a reformulación da función docente e a reorientación da aprendizaxe dos estudantes, que pasan de ser meros receptores pasivos de información a converterse nos protagonistas da súa formación. Neste senso, a metodoloxía clásica de ensino-aprendizaxe será complementada coa aprendizaxe baseada en casos prácticos. O «caso» como método de explicación, ademais de servir de elo entre o problema práctico e a explicación teórica, persegue como obxectivo fundamental desenvolver a capacidade de argumentación e de crítica dos estudantes, ao propio tempo que lles ofrece a posibilidade de avaliar, por si mesmos, o grao de comprensión do contido de cada materia que van alcanzando.

## OS CONTIDOS BÁSICOS

---

### 1. Regulación legal

O delito de corrupción deportiva regúlase no art. 286 bis 4 CP. De conformidade co dito precepto:

«4. O disposto neste artigo será aplicable, nos seus respectivos casos, aos directivos, administradores, empregados ou colaboradores dunha entidade deportiva, calquera que sexa a súa forma xurídica, así como aos deportistas, árbitros ou xuíces, respecto daquelas condutas que teñan por finalidade predeterminar ou alterar de maneira deliberada e fraudulenta o resultado dunha proba, encontro ou competición deportiva de especial relevancia económica ou deportiva.

Para estes efectos, considerarase competición deportiva de especial relevancia económica, aquela na que a maior parte dos seus participantes perciban calquera tipo de retribución, compensación ou ingreso económico pola súa participación na actividade; e competición deportiva de especial relevancia deportiva, a que sexa cualificada no calendario deportivo anual aprobado pola federación deportiva correspondente como competición oficial da máxima categoría da modalidade, especialidade, ou disciplina de que se trate».

## 2. Ben xurídico protexido

Non cabe dúbida de que a tutela de xogo limpo, en tanto que valor esencial na práctica de todo deporte, é un dos fins que se persegue mediante a tipificación deste delito. Con todo, a doutrina penal estima, de forma maioritaria, que se trata dun valor que, en si mesmo considerado e de forma illada, non ten entidade suficiente para ser considerado un ben xurídico digno de tutela penal. De ser iso así, non se xustificaría o feito de que, por unha banda, o tipo penal limite o seu ámbito de aplicación a concretos eventos deportivos e, doutro, que só se faga alusión á manipulación do resultado final fronte ao resto de incidencias que poden afectar ao normal desenvolvemento da competición deportiva.

O deporte, nun sentido global, non consiste unicamente na realización dunha actividade deportiva con suxeición a un concreto regulamento, senón que é portador de certos valores sociais, educativos e económicos —especialmente importantes estes en a práctica do deporte profesional—. Todos estes valores vense lesionados, conxuntamente, no marco dunha actividade deportiva adulterada, o que esixe, en opinión dun sector doutrinal, a invocación dun novo ben xurídico que sexa capaz de abarcalos na súa totalidade. Xorde, desta maneira, a “integridade deportiva” como ben xurídico omnicompreensivo que tutela a totalidade dos valores deportivos lesionados con ocasión da fraudulenta adulteración da práctica deportiva.

Na actualidade, non pode negarse a relevancia económica dos resultados das competicións deportivas nin as vantaxes económicas que da súa alteración ou predeterminación poden derivarse para os propios deportistas e as entidades —ex. mantemento da categoría que repercute, directamente, nos beneficios derivados dos dereitos de retransmisión, nos patrocinios, nos abonos, nos despachos de billetes, etc.— así como para terceiros que, participando dunha “información privilexiada”, fan as súas apostas nun determinado sentido. Esta perspectiva economicista do ben xurídico para protexer consistente no “correcto funcionamento do mercado deportivo” vese reforzada tras a reforma operada pola LO 1/2015 que modificou o ámbito obxectivo de aplicación do tipo penal —proba, encontro ou competición deportiva de especial relevancia económica— e introduciu, como agravante, o feito de que a conduta típica teña por finalidade influír no desenvolvemento de xogos de azar ou apostas. Con todo, non é menos certo que, se esta vertente patrimonial do delito se erixise como o único ben xurídico para protexer, o tipo penal debería situarse entre os delitos patrimoniais de carácter fraudulento ( Capítulo VI “das defraudacións” do Título XIII “Delitos contra o patrimonio e contra a orde socioeconómica” do Libro II do CP).

Ningún dos tres posicionamentos resulta plenamente satisfactorio, polo que avogamos por unha teoría mixta para a súa delimitación. Así, a localización sistemática dun concreto tipo delituoso na estrutura do Libro II do Código penal adoita ser utilizada como indicador do ben xurídico tutelado. Nese senso, o tipo relativo á corrupción deportiva contéplase dentro da Sección 4ª “da corrupción entre particulares” do Capítulo XI “dos delitos relativos á propiedade intelectual e industrial, ao mercado e aos consumidores” do Título XIII “dos delitos contra o patrimonio e a orde socioeconómica” do Libro II do CP, sendo o ben xurídico tutelado a libre competencia, a libre concorrencia ou “a competencia xusta e honesta” no mercado. Pois ben, nesta liña debe situarse, loxicamente, o ben xurídico tutelado no tipo analizado trasladándoo, iso si, ao seu propio contexto de actuación –as probas, os encontros e as competicións deportivas de especial relevancia económica ou deportiva–.

En atención a todo isto, estimamos que o ben xurídico protexido é a leal competencia deportiva a condición de que o seu quebranto carrexese unha alteración do normal funcionamento do mercado deportivo ao verse afectados diversos intereses económicos.

### 3. Tipo obxectivo

#### 3.1. Ámbito obxectivo

O ámbito obxectivo de aplicación do tipo circunscríbese ás probas, encontros ou competicións deportivas que presenten unha especial relevancia económica ou deportiva.

Os termos “proba” e “encontro” fan referencia a acontecementos deportivos que ben poden integrarse no marco dun campionato ben desenvolverse de forma unitaria.

ex. Cada un dos partidos que integran a Liga ACB ou unha velada de boxeo.

Pola súa banda, a “competición” implica un conxunto de probas ou encontros que poden ter carácter eliminatorio ou supoñer un enfrontamento de todos contra todos dando lugar, neste último caso, a unha clasificación final en atención aos puntos obtidos en cada un dos partidos individuais que a conforman.

ex. A Copa da S.M. de fútbol ou a Liga de Fútbol Profesional.

Con todo, non toda proba, encontro ou competición deportiva integrará o tipo penal, senón exclusivamente aquela que teña “unha especial relevancia económica ou deportiva”. Para os efectos de delimitar a significación penal destes conceptos, o lexislador optou por articular unha definición auténtica.

Unha proba, encontro ou competición deportiva de especial relevancia económica é aquela na que a maior parte dos seus participantes (a metade máis un) perciben calquera tipo de retribución, compensación ou ingreso económico.



Unha proba, encontro ou competición deportiva de especial relevancia deportiva é aquela que, no calendario deportivo anual aprobado pola correspondente federación deportiva, é conceituada como competición oficial (de ámbito estatal ou autonómico) da máxima categoría da modalidade, especialidade ou disciplina de que se trate.

Así, polo que respecta ao fútbol, o art. 190.1 do Regulamento Xeral da RFEF, “son competicións oficiais de ámbito estatal, na modalidade principal: a) os campionatos Nacionais de Liga de Primeira, Segunda, Segunda “ B” e Terceira División; b) o Campionato de España/Copa de S.M. O Rei; c) a Supercopa; d) a copa RFEF; e) a Copa de Campións de División de Honra Xuvenil; f) a División de Honra Xuvenil; g) a liga Nacional Xuvenil; h) o Campionato de España Xuvenil/Copa de S.M. O Rei; i) a Copa das Rexións da UEFA (Fase Nacional); j) a Primeira División de Fútbol Feminino; l) a Fase de Ascenso a Primeira División Feminina; m) a Primeira División “ B” de Fútbol Feminino; n) a Segunda División de Fútbol Feminino; ñ) o Campionato de España/Copa de S.M. A Raíña; o) os Campionatos Nacionais de Seleccións Autonómicas nas súas diversas categorías.

### 3.2. Conduta típica

A doutrina distingue entre unha modalidade pasiva e unha modalidade activa da corrupción deportiva. A determinación do ámbito punible de cada unha de formas comisivas debe facerse, en virtude da remisión que o apartado cuarto fai “ao disposto neste artigo [...]”, mediante a combinación dos apartados 1 e 4 do art. 286 bis CP –corrupción deportiva pasiva- e os apartados 2 e 4 do art. 286 bis CP –corrupción deportiva activa-.

#### 3.2.1. Corrupción deportiva pasiva

##### 3.2.1.1. Verbos reitores

A acción típica xira ao redor dos verbos “recibir, solicitar ou aceptar”. Estamos en presenza, por tanto, de tres condutas que son descritas alternativamente.

A recepción implica a tenza da disposición material sobre as prestacións outorgadas que pasan a integrar a masa patrimonial do favorecido tras un acordo co favorecedor consistente en que o primeiro incumprirá as súas obrigas para manipular ou alterar o resultado dun evento deportivo.

A solicitude consiste nunha declaración unilateral de vontade do suxeito activo (os deportistas, árbitros ou xuíces) dirixida aos directivos, administradores, empregados ou colaboradores dunha entidade deportiva para a percepción dunha determinada prestación a cambio de adoptar o comportamento anteriormente sinalado. É, por tanto, o suxeito activo quen, mediante o seu comportamento, pon en marcha a conduta corruptora. A petición pode ser expresa ou tácita, oral ou escrita, por si ou por persoa interposta. Esa solicitude ten que chegar ao coñecemento da outra parte e revestir as notas de seriedade e concreción.

A aceptación do beneficio ou vantaxe implica unha confluencia de vontades entre os suxeitos activos (os deportistas, árbitros ou xuíces) e quen fai a oferta ou promesa (os directivos, administradores, empregados ou colaboradores dunha entidade deportiva), pero pospoñendo no tempo a súa efectiva recepción. Para entenderse realizada, a aceptación ten que ser expresa e manifestada a través de actos concluíntes.

### 3.2.1.2. Suxeitos activos

O delito de corrupción deportiva pasiva configúrase como un delito especial propio que só pode ser cometido, a título de autor, polos deportistas, os árbitros e os xuíces. Iso é así porque só estes suxeitos ostentan a posición de dominio no desenvolvemento da concreta práctica deportiva.

#### i) Deportistas

Os “deportistas” son aquelas persoas que participan de forma activa no xogo competindo en calidade de protagonistas. A Lei 10/1990, do 15 de outubro, do Deporte (en diante Lei do Deporte) non contén ningunha definición ao respecto. No seu art. 30 límitase a esixir a inscrición federativa dos deportistas, de tal maneira que terán tal consideración quen así sexa recoñecido pola correspondente Federación Deportiva.

Pola contra, si define o concepto de deportistas de alto nivel sinalando que serán aqueles que “figuren nas relacións elaboradas anualmente polo Consello Superior de Deportes, en colaboración coas Federacións deportivas españolas e, no seu caso, coas Comunidades Autónomas, de acordo cos criterios selectivos de carácter obxectivo que se determinen tendo en conta, entroutras, as seguintes circunstancias: a) clasificacións obtidas en competicións ou probas deportivas internacionais; b) situación do deportista en listas oficiais de clasificación deportiva, aprobadas polas Federacións internacionais correspondentes; c) condicións especiais de natureza técnico-deportiva, verificadas polos organismos deportivos” (art. 52). Pola súa banda, o art. 2 do Real Decreto 1006/1985, do 26 de xuño, polo que se regula a relación laboral especial dos deportistas profesionais conceptúaos como aqueles que, “en virtude dunha relación establecida con carácter regular, se dediquen voluntariamente á práctica do deporte por conta e dentro do ámbito de organización e dirección dun club ou entidade deportiva a cambio dunha retribución”.

A doutrina ten discutido sobre se o termo deportista engloba tamén aos técnicos e adestradores. Isto resulta altamente dubidoso tanto dende un punto de vista gramatical -deportista é, en esencia, a persoa que practica un deporte (DRAE)- como en atención á desexable harmonización coa lexislación deportiva na que se fai referencia, de forma independente, a uns e outros. Con todo, é certo que os adestradores ostentan, en certos deportes, unha posición de dominio sobre o devir do encontro que lle pode chegar a permitir adulterar a competición.

ex. Pénsese no caso dun adestrador que realiza dolosamente unha aliñación indebida que carrexará, no caso da liga de Fútbol Profesional, a perda automática do partido cun marcador de 0-3 (art. 76.1 do Código Disciplinario da RFEF).

É por todo iso que, de *lege ferenda*, deberían incluírse aos técnicos e adestradores entre o elenco de suxeitos activos da corrupción deportiva pasiva.

#### ii) Xuíces ou árbitros

O precepto faise eco da dualidade de expresións contida na lexislación administrativa deportiva mencionando, de forma expresa, aos xuíces e aos árbitros. Non obstante, ambos os termos utilízanse para designar a unha mesma figura, a daqueles que teñen a función de velar e dirimir polo correcto cumprimento das regras durante o transcurso da proba ou competición deportiva en cuestión, exercendo a súa *potestas* sobre os deportistas que compiten baixo a súa autoridade.

A denominación que recibe esta figura difire duns deportes a outros: árbitros (fútbol), xuíces de mesa (baloncesto), xuíces de cadeira (tenis), xuíces de liña (voleibol), director de carreira (ciclismo), comisarios de competición (motociclismo), etc.

No caso dos órganos competentes para exercer a potestade disciplinaria dependentes dunha Federación Deportiva –Xuíz Único, Comités de Apelación ou de Competición- debemos lembrar que, conforme ao preceptuado nos arts. 30 e 33 da Lei do Deporte, áchanse exercendo funcións públicas por delegación. Na nosa opinión, este feito fai que tanto ao xuíz único como aos membros dos comités mencionados estean comprendidos no elenco de suxeitos conceptuados como funcionarios públicos no art. 423 CP. En consecuencia, as súas prácticas corruptas constituirán un delito de suborno (art. 419 CP).

A este respecto, ningunha dúbida cabe sobre a condición de funcionario público dos membros do Comité Español de Disciplina Deportiva dada a súa dependencia orgánica do Consello Superior de Deportes –órgano autónomo de carácter administrativo a través do que a Administración do Estado exerce a súa actuación no ámbito do deporte-.

### 3.2.2. Corrupción deportiva activa

#### 3.2.2.1. Verbos reitores

A conduta típica xira ao redor dos verbos “prometer, ofrecer ou conceder”.

A acción de prometer consiste nunha declaración de vontade que ten por obxecto a concesión dun beneficio ou vantaxe futura de calquera natureza non xustificada para estimular o logro dos fins contemplados no tipo mediante determinadas accións ou omisións realizadas polo suxeito subornado. A promesa ten que chegar ao coñecemento da outra parte e ser de tal entidade que poida lesionar, obxectivamente, o ben xurídico protexido polo tipo.

O ofrecemento consiste en dicir ou expoñer a outra parte o beneficio ou vantaxe que se está disposto a conceder pola realización dunha concreta acción

ou omisión. O outorgamento da prestación é inmediata ou, en todo caso, ponse ao dispor do suxeito subornado nun período de tempo moi breve.

Finalmente, o lexislador español optou por substituír os termos dar –usado na Acción Común de 1998- e entregar –usado na Decisión Marco 2003- polo de conceder para referenciar a conduta típica consistente en poñer en mans ou en poder doutro suxeito un beneficio ou vantaxe de calquera natureza non xustificada. Esta posta a disposición pode ter a súa orixe en dous supostos diferenciados: i) a concreción dunha previa declaración de vontade consistente na promesa ou oferta dese beneficio ou vantaxe que o suxeito a subornar acepta; ii) a vontade espontánea e unilateral do suxeito activo, sen previa existencia dunha oferta ou promesa previa.

### 3.2.2.2. *Suxeitos activos*

O delito de corrupción deportiva activa configúrase como un delito especial propio que só pode ser cometido polo suxeitos mencionados expresamente no tipo: os administradores (de dereito e de feito), os directivos, os empregados e os colaboradores dunha entidade deportiva, calquera que sexa a súa forma xurídica.

#### i) Administradores

O administrador de dereito é aquel que, en cada sociedade, a administra en virtude dun título xuridicamente válido, é dicir, dun nomeamento efectuado conforme ás normas legais que rexen a concreta modalidade societaria.

O administrador de feito será quen de forma acreditada exerce, a pesares de non existir un título xuridicamente válido (sen previo nomeamento ou designación, nulidade do nomeamento, finalización do mandato), tales funcións de feito, en nome da sociedade e fronte a terceiros, en condicións de autonomía ou independencia e de maneira duradeira no tempo.

#### ii) Directivos

Un directivo é aquela persoa que exerce o poder de representación dunha persoa xurídica ou ben que ten a autoridade para tomar decisións no seu nome ou para exercer o seu control. De forma máis concreta, o art. 1.2. do Real Decreto 1382/1985, do 1 de agosto, polo que se regula a relación laboral de carácter especial do persoal de alta dirección, sinala que teñen tal consideración “aqueles traballadores que exercitan poderes inherentes á titularidade xurídica da Empresa, e relativos aos obxectivos xerais da mesma, con autonomía e plena responsabilidade só limitadas polos criterios e instrucións directas emanadas da persoa ou dos órganos superiores de goberno e administración da Entidade que respectivamente ocupe aquela titularidade”.

#### iii) Empregados e colaboradores

Baixo os termos de empregados e colaboradores englobanse aquelas persoas que, dalgunha forma, están vinculadas á entidade deportiva.

Polo que respecta aos empregados, debe tratarse de persoas que desempeñen unha actividade laboral na entidade, é dicir, un traballo por conta allea remunerado pola entidade deportiva baixo calquera das modalidades contractuais contempladas no Estatuto dos Traballadores.

O termo “colaboradores” comprende aquelas persoas que, sen ter vinculación laboral coa entidade deportiva, prestan (ocasional ou habitualmente) os seus servizos á mesma. Nesta categoría incluíríanse os membros do equipo técnico, a pesar de que resultase desexable, para unha maior harmonización da lexislación penal coas disposicións administrativas existentes en materia deportiva, a súa expresa referencia entre o elenco de posibles suxeitos activos do delito de corrupción deportiva activa. Os socios e os afeccionados dos clubs deportivos non teñen cabida neste concepto.

#### iv) Entidade deportiva

Para os efectos da aplicación deste tipo delituoso, as persoas anteriormente mencionadas deben vincularse a unha “entidade deportiva”, con independencia da concreta forma xurídica en que esta se atope constituída. Conforme ao art. 12.1 da Lei do Deporte, as asociacións deportivas clasifícanse en clubs, agrupacións, entes de promoción deportiva, Ligas Profesionais e Federacións deportivas.

- Os clubs deportivos son aquelas asociacións privadas, integradas por persoas físicas ou xurídicas, que teñan por obxecto a promoción dunha ou varias modalidades deportivas, a súa práctica polos seus asociados, así como a participación en actividades e competicións deportivas (art. 13). Estes poden ser clasificados en clubs deportivos elementais (arts. 14.a e 16), clubs deportivos básicos (arts. 14. b e 17) e Sociedades Anónimas Deportivas (arts. 14. c e 19 a 29). En todo caso, con independencia da clase de club deportivo de que se trate, deberán rexistrarse no Rexistro de Asociacións Deportivas (art. 15.1), feito do que dependerá o seu recoñecemento como tal, polo menos, para os efectos deportivos (art. 15.2). Así mesmo, deberán inscribirse na correspondente federación deportiva para poder participar en competicións de carácter oficial (arts. 15.3, 17.1, 18.1 e 20.1). Comprenderíase aquí tamén, en todo caso, as fundacións dos clubs deportivos, sobre a base dos seguintes argumentos: a) o art. 286 bis.4 CP fai referencia a entidades deportivas “calquera que sexa a súa forma xurídica”; b) o art. 2.2. da Decisión Marco 2003/568/JAI sinala como ámbito obxectivo de aplicación da corrupción privada ás entidades privadas con fins lucrativos e non lucrativos; c) unha interpretación doutro tenor xeraría unha importante lagoa de punibilidade ao posibilitarse que fosen os administradores ou directivos da fundación directamente vinculada e dependente do club deportivo, en vez o propio club, quen realizase esa promesa, ofrecemento ou concesión sen que, nese caso, se incorrese en ningunha responsabilidade penal, a salvo as figuras do indutor e do cooperador necesario.
- As Agrupacións de Clubs e os Entes de Promoción Deportiva regúlanse como asociacións de ámbito estatal e implantación *supra* autonómica. As primeiras teñen por finalidade o desenvolvemento de actuacións

deportivas naquelas modalidades e actividades non contempladas polas Federacións Deportivas Españolas (art. 12.3). Os segundos, pola súa banda, actúan como promotores e organizadores de actividades físicas e deportivas con finalidades exclusivamente lúdicas, formativas ou sociais (art. 42).

- Polo que respecta ás ligas profesionais, estas son asociacións de clubs que se constitúen de forma exclusiva e obrigatoria cando existen competicións oficiais de carácter profesional e de ámbito estatal (art. 12.2. da Lei do Deporte). Neste senso, ostentan personalidade xurídica e gozan de autonomía para a súa organización interna e funcionamento respecto da Federación Deportiva da que formen parte (art. 41.2). Entre as súas competencias áchanse as de organizar as súas propias competicións en coordinación coa respectiva Federación (art. 41.4.a), desempeñar as funcións de tutela control e supervisión dos seus clubs asociados (art. 41.4. b) e exercer a potestade disciplinaria sobre eles (art. 41.4. c), o que constitúe, en esencia, o exercicio de funcións públicas delegadas pola Administración.
- Finalmente, as Federacións Deportivas Estatais e Autonómicas constitúen entidades privadas, con personalidade xurídica propia, cuxo ámbito de actuación se estende ao conxunto do territorio do Estado, no desenvolvemento das competencias que lle son propias. Estas áchanse integradas por federacións deportivas de ámbito autonómico, clubs deportivos, deportistas, técnicos, xuíces e árbitros, ligas profesionais, se as houbese, e outros colectivos interesados en promover, practicar ou contribuír ao desenvolvemento do deporte (art. 30.1). Con todo, ademais das súas propias atribucións exercen, por delegación, funcións públicas de carácter administrativo, actuando como axentes colaboradores da Administración pública (art. 30.2).

De todas estas asociacións deportivas, unicamente, os clubs deportivos (e as súas fundacións) e, en consecuencia, os seus administradores, directivos, empregados e colaboradores conformarían os suxeitos activos do delito de corrupción deportiva pasiva. Así, en atención ao ámbito obxectivo do tipo penal, quedarían directamente excluídos as Agrupacións de Clubs e os Entes de Promoción Deportiva e, dadas as funcións públicas delegadas exercidas polas ligas Profesionais e as Federacións Deportivas, aos seus administradores e directivos resultaríanlles de aplicación os tipos específicos de corrupción pública, sobre a base do principio de especialidade (art. 8.1 CP).

### 3.2.3. Obxecto material

O obxecto material do delito de corrupción deportiva recae sobre un (i) beneficio ou vantaxe de calquera natureza (ii) non xustificada que se recibe, solicita ou acepta -corrupción pasiva- ou, no seu caso, se promete, ofrece ou concede -corrupción activa- como contraprestación para favorecer e, desta forma, motivar

o suxeito que ostenta unha posición de dominio no desenvolvemento da práctica deportiva (deportistas e árbitros ou xuíces) para que actúe de forma contraria ás súas obrigas coa finalidade de predeterminar ou alterar o resultado dun evento deportivo.

O contido desta contraprestación é descrito dunha forma ampla –“beneficio ou vantaxe (...) de calquera natureza”- abarcando non só os rendementos de índole económica -que serán os máis habituais- , senón calquera prestación que material ou inmaterialmente implique unha mellora na situación económica, laboral, profesional, xurídica..., do suxeito corrupto ou ao que se propón corromper. En tanto que inxustifico, ademais de non ter dereito a percibir esa prestación, esta debe revestir a suficiente relevancia -excedendo, por tanto, dos meros usos sociais ou agasallos de cortesía- para dobregar a vontade dos deportistas ou dos árbitros e que, deste modo, executen algún acto contrario as súas respectivas obrigas.

O lexislador de 2015 procedeu a substituír a expresión “incumprindo as súas obrigas” pola de “favorecer indebidamente”, mais o certo é que ambas as dúas locucións fan referencia á mesma realidade, é dicir, á forma ilícita en que actúan o corruptor e o corrupto para lesionar o ben xurídico tutelado polo tipo penal. Así, ese favorecemento indebido comprende, de conformidade co establecido no art. 1 da Decisión Marco 2003/568/JAI, “calquera comportamento desleal que constitúa o incumprimento dunha obriga legal ou, no seu caso, das normas ou regulamentos profesionais que se aplican no sector de actividade de que se trate”. No ámbito do deporte iso traduciríase nunha forma de actuar anticompetitiva.

ex. O comportamento deliberado dun deportista consistente en deixarse gañar mediante fallos notorios na defensa ou na portería, a retirada sorprendente do tenista favorito para gañar o partido alegando unha lesión, etc.

A actuación do árbitro principal que procede a sinalar, nos mesmos termos, un penalti claramente inexistente en contra do sinalado polos árbitros asistentes.

En todo caso, para a comisión deste delito debe concorrer un mutuo favorecemento para as dúas partes implicadas: por unha banda, o concreto beneficio ou vantaxe de calquera natureza non xustifico que se outorga ao corrupto ou corrompido (deportistas e árbitros ou xuíces) e, doutro, o beneficio ilícito esperado polo corruptor como consecuencia da predeterminación ou alteración fraudulenta do resultado que pode ser para a propia entidade deportiva que representa o suxeito oferente ou para un terceiro.

#### 3.3.4. Iter criminis

O delito de corrupción deportiva configúrase como un delito de perigo abstracto, dos denominados de resultado cortado. A súa consumación ten lugar co simple ofrecemento ou solicitude, incriminándose no tipo tanto o concerto fraudulento entre ambas as partes como a mera proposición dun concerto para a manipulación ou alteración do resultado dun acontecemento deportivo con anterioridade a súa celebración.

Para a súa punición é imprescindible a existencia dunha dualidade persoal, é dicir, unha converxencia entre unha persoa que promete, ofrece ou concede e outra persoa que solicita, acepta ou recibe, con independencia de que, finalmente, non se chegue a verificar ningún acordo. Esta esixencia exclúe do seu ámbito de aplicación aqueles supostos nos que os deportistas, por si mesmos ou por persoa interposta, apostan por un determinado resultado -empate ou perda do seu equipo- no marco dun partido no que eles mesmos van participar.

No caso de verificarse a materialización do resultado pactado podería apreciarse, tamén, a comisión dun delito de estafa. A problemática concursal resolveríase mediante as regras do concurso medial (art. 77. 1 e 3 CP).

### 3.3.5. Autoría e participación

En ambas as modalidades típicas, a corrupción deportiva configúrase como un delito especial propio, de tal maneira que só pode ser cometido, a título de autor, polos suxeitos expresamente referenciados no tipo penal, ben directamente ben a través de persoa interposta.

Neste senso, son frecuentes os casos nos que terceiros, actuando en representación dos administradores ou dos directivos dunha entidade deportiva, ofrecen, prometen ou conceden a deportistas, árbitros ou xuíces unha contraprestación para que actúen de forma anticompetitiva. A súa intervención non resulta atípica, senón que serán castigados a título de partícipes (ben como cooperadores necesarios ben como cómplices, segundo o concreto tipo de actos realizados).

Con todo, non se recolle a posibilidade de que o feito punible sexa cometido exclusivamente por un terceiro alleo á entidade deportiva, sen efectuar ningún labor de intermediación.

ex. Un grupo de apostantes (organizacións criminais) que ofrecen, prometen ou conceden a un deportista ou a un árbitro unha prestación inxustificada para predeterminar ou alterar, deliberada e fraudulentamente, o resultado dun evento deportivo con relación ao cal van formalizar as súas apostas. Para isto utilizan, como intermediarios, a antigos xogadores, axentes de xogadores ou membros do mundo do deporte que son coñecidos nos círculos deportivos e teñen boa reputación.

Eses terceiros non poderán ser considerados, en ningún caso, como autores dun delito de corrupción deportiva activa, por non reunir as características específicas que, a este respecto, esixe o tipo penal. Como máximo, poderán chegar a ser castigados como indutores dun delito de corrupción deportiva pasiva.



#### 4. Tipo subxectivo

O delito de corrupción deportiva ten carácter doloso (dolo directo) e non admite a súa comisión a título de imprudencia. Non obstante, o seu tipo subxectivo non se esgota no dolo, senón que debe concorrer un elemento subxectivo adicional.

Así, a conduta típica antes indicada debe ter por tendencia lesiva a predeterminación ou alteración do resultado dunha proba, encontro ou competición deportiva de especial relevancia económica ou deportiva para favorecer ao corruptor ou a un terceiro fronte a outros -corrupción deportiva activa- ou co fin de favorecer, fronte a terceiros, a quen lle outorga ou de quen se espera unha concreta prestación -corrupción deportiva pasiva-.

A acción de predeterminar fai referencia á fixación do resultado con carácter previo ao comezo do xogo. Pola súa banda, a modalidade de alterar engloba aquelas accións coetáneas -ou mesmo posteriores- ao evento deportivo que buscan incidir no seu normal desenvolvemento para a consecución dun determinado resultado, pero sen que se poida chegar a anticipar, con plena seguridade, o resultado final. En todo caso, en tanto que delito de mera actividade, non é necesario para a súa consumación que a manipulación do resultado, nos termos convidados, chegue a materializarse. É suficiente con que a conduta típica teña por propósito esa predeterminación ou alteración.

O carácter fraudulento que debe ostentar esa predeterminación ou alteración esixe que a acción do suxeito produza, de forma anticompetitiva, un falseamento da realidade para eliminar ou, en todo caso, limitar a impredecibilidade do resultado dunha determinada actividade deportiva. Non obstante, as condutas antes apuntadas serán igualmente típicas, en caso de darse o resto dos elementos do tipo, aínda cando o deportista ou o árbitro non chegue a realizar unha acción anticompetitiva ao darse, polas propias circunstancias do xogo, o concreto resultado que se pretendía obter fraudulentamente.

O obxecto sobre o que recae a predeterminación ou a alteración límitase ao resultado final da proba. Permanecen extramuros do Dereito penal, sobre a base do principio de *ultima ratio*, as actividades ilegais consistentes na fixación dalgún aspecto específico do xogo que non teña relación co resultado final ou as relativas ás diferenzas de tenteo, a pesar da existencia dun notable mercado de apostas vinculado a estas prácticas.

#### 5. Penalidade

A pena prevista para este delito será a de prisión de seis meses a catro anos, inhabilitación especial para o exercicio de industria ou comercio por tempo dun a seis anos e multa do tanto ao triplo do valor do beneficio ou vantaxe indebidamente obtida.

A translación desta penalidade ao ámbito da corrupción deportiva non carrega problemas respecto das penas de prisión e multa. Maiores dificultades obsérvanse con relación á pena de inhabilitación para a industria ou o comercio, na medida en que o seu contido non garda conexión ningunha co ámbito delituoso

aquí tipificado. Resultaría máis adecuado, de *lege ferenda*, a articulación dunha pena de inhabilitación específica consistente na prohibición do exercicio de funcións directivas ou laborais na entidade deportiva ou de participar como deportista ou como árbitro ou xuíz deportivo en calquera proba, encontro ou competición deportiva de especial relevancia económica ou deportiva mediante a suspensión da correspondente licenza.

Doutra banda, ante as dificultades de cálculo da pena de multa -derivadas, principalmente, da complexidade de determinar o valor das vantaxes non patrimoniais – propúxose por algún autor a súa substitución polo sistema de días-multa (art. 50.2 CP), a semellanza do que se observa no delito de suborno.

Naqueles casos nos que, de acordo co establecido no art. 31 bis CP, unha entidade deportiva resulte responsable dos feitos procederase a impoñerlle as seguintes penas (art. 288.2º CP): a) unha pena de multa de dous a cinco anos, ou do triplo ao quíntuplo do beneficio obtido ou que se puidese obter se a cantidade resultante fose máis elevada, cando o delito cometido pola persoa física teña prevista unha pena de máis de dous anos de privación de liberdade; b) unha pena de multa de seis meses a dous anos, ou do tanto ao duplo do beneficio obtido ou que se puidese obter se a cantidade resultante fose máis elevada, no resto dos casos. Así mesmo, atendidas as regras establecidas no art. 66 bis CP, os órganos xudiciais poderán impoñerlle algunha das penas recollidas nas letras b) a g) art. 33.7 CP (art. 288.3º CP).

## 6. Circunstancias modificativas da responsabilidade penal

### 6.1. Tipo atenuado

O art. 286.3 CP contempla a posibilidade de atenuar a pena a impoñer pola comisión deste delito en atención a dúas circunstancias: i) a “contía do beneficio ou o valor da vantaxe” pretendida ou obtida polo suxeito corrompido; ii) a “transcendencia das funcións do culpable”. O feito a valorar será, en ambos os casos, a menor idoneidade ou perigo das circunstancias concorrentes para a lesión do ben xurídico protexido.

- i) A “contía do beneficio ou o valor da vantaxe” pretendida ou obtida polo suxeito corrompido.

Trátase dunha previsión similar á prevista noutros tipos penais nos que, precisamente, a contía do defraudado serve para diferenciar entre o tipo leve, o tipo básico e o tipo agravado. Entendemos que no marco desta circunstancia terá tamén cabida se a contraprestación foi efectivamente recibida polo deportista, o árbitro ou o xuíz.

- ii) A “transcendencia das funcións do culpable”.

A este respecto, non comporta un igual perigo para o ben xurídico protexido polo tipo que o corruptor sexa o presidente dun club deportivo que un mero empregado.

Así mesmo, non ten a mesma relevancia que o suxeito corrompido, no caso dun equipo de fútbol, sexa o capitán do equipo -dada a súa maior capacidade de

influencia sobre o grupo-, os defensas ou o porteiro -en atención á posición que ocupan no campo-, que o resto dos xogadores.

Polo que respecta aos árbitros, temos que distinguir entre o árbitro principal -que ostenta unha posición de especial garante respecto da correcta observancia das normas do xogo- e os árbitros asistentes con relación aos que se procederá aplicar, no seu caso, esta atenuante.

De apreciarse a súa concorrencia, imponse a pena inferior en grao e reducirase, segundo o prudente arbitrio xudicial, a pena de multa.

## 6.2. Tipo agravado

O art. 286 *quáter* CP contempla un tipo agravado que resultará de aplicación naqueles casos nos que os feitos revistan unha “especial gravidade”.

O legislador determinou expresamente que supostos dan lugar á articulación da devandita cláusula agravatoria. A este respecto, podemos distinguir entre circunstancias xenéricas e circunstancias específicas. A diferenza entre unhas e outras radica en que, mentres as primeiras aplícanse á totalidade dos delitos de corrupción nos negocios (corrupción entre particulares, corrupción nas transaccións comerciais internacionais e corrupción deportiva), as segundas circunscriben o seu ámbito de aplicación ao último dos tipos penais referenciados. En caso de apreciarse algunha destas circunstancias, imponse a pena na súa metade superior podéndose chegar ata a superior en grao. Entendemos que isto terá lugar, entre outros posibles casos, cando concorran dúas ou máis das circunstancias sinaladas.

O elenco de circunstancias agravantes xenéricas está conformado polas seguintes:

a) un valor especialmente elevado do beneficio ou vantaxe.

Esta previsión adoece dunha clara falta de taxatividade que leva a que, ante a ausencia dun criterio orientador sobre a concreta contía que dá lugar a tal conceptualización, a doutrina teña formulado propostas que van desde a aplicación da agravación a partir dos 50.000 €, pasando polos 250.000 €, ata aqueles que estiman que iso só debería ter lugar cando o beneficio obtido supere os 600.000 €.

b) a realización, de forma non meramente ocasional, dos tipos penais apuntados.

A cuestión que se nos expón con relación a esta circunstancia caracterizada, novamente, pola súa total indeterminación, é se a expresión “non meramente ocasional” é sinónimo de habitual e, se é así, por cal das interpretacións do termo, de entre as empregadas polo legislador penal, se vai aplicar aquí. A este respecto, as posicións doutrinarias son dúas: i) un sector doutrinal estima que debe utilizarse como referencia interpretativa o preceptuado no art. 94 CP. Conforme a isto, esta circunstancia sería apreciada cando o suxeito cometese tres ou máis delitos de corrupción deportiva nun prazo non superior a 5 anos e fose condenado por iso;

ii) desde outras posicións considérase que a pauta interpretativa virá marcada polo preceptuado no art. 173.3 CP, conforme ao que a “non mera ocasionalidade” construírase sobre a base de dous criterios: unha pluralidade de actos delituosos e a existencia, entre eles, dunha proximidade temporal. Novamente, serán os órganos xudiciais, no canto do legislador, os encargados de clarificar o seu significado.

c) a comisión deses feitos delituosos non sé dunha organización criminal.

Os estudos desenvolvidos neste eido poñen en evidencia que no amaño de partidos están a miúdo implicadas redes de delincuencia organizada activas a escala mundial. De entre as diferentes vías para sancionar a criminalidade organizada, o legislador optou por agravar a pena do tipo básico cando a súa comisión teña lugar por suxeitos que pertenza a unha organización criminal. O fundamento político-criminal desta agravación áchase non seu especial perigo en atención a que, “polos medios de que dispoñen, pola posibilidade de desenvolver un plan delituoso con independencia das vicisitudes que afecten individualmente aos seus integrantes, propician un máis fácil aproveitamento para os autores, e tamén unha eventual gravidade de superior intensidade non ataque ao ben xurídico que se protexe, debido especialmente á súa capacidade de lesión”.

A definición legal de organización criminal contense non art. 570 bis. 1 CP sendo as notas características que segundo reiterada xurisprudencia, serven para delimitar o seu concepto as seguintes: a) unha pluralidade de persoas asociadas para levar a cabo unha determinada actividade que, como se desprende da literalidade do precepto, teñen que ser polo menos tres; b) a existencia dunha estrutura máis ou menos complexa adecuada para executar un determinado plan criminal que, pola súa complexidade ou envergadura, non podería ser perpetrado doutro xeito. No marco da devandita estrutura deben poder recoñecerse relacións de xerarquía e repartición de funcións entre os seus membros ; c) o acordo asociativo debe ter carácter duradeiro, excedendo da mera ideación e combinación de funcións entre varios partícipes para a comisión dun só delito.

Tratándose dun delito de corrupción deportiva, a súa comisión tamén ostentará unha especial gravidade cando, concorrendo os requisitos do tipo básico, a conduta típica (circunstancias agravantes específicas):

a) teña por finalidade influír no desenvolvemento de xogos de azar ou apostas.

Este feito constitúe a principal causa de corrupción no ámbito deportivo constatándose que “as redes delituosas internacionais interveñen en amaños de partidos relacionados con apostas ilegais”.

Para a apreciación da concorrencia desta circunstancia será necesario que a mesma sexa abarcada polo dolo do autor, podendo chegar a admitirse a súa aplicación naqueles supostos nos que o receptor da vantaxe asume, como altamente probable, que o propio outorgante ou un terceiro van beneficiarse, no marco dunha aposta deportiva, desa “información privilexiada”.

b) afecte a unha competición deportiva oficial de ámbito estatal cualificada como profesional polo Consello Superior de Deportes.

Esta consideración virá determinada, entroutros criterios, pola existencia de vínculos laborais entre os Clubs e os deportistas, así como pola importancia e dimensión económica da competición. A proba, o encontro ou a competición ten que desenvolverse no marco dunha liga profesional.

ex. O art. 190.3 do Regulamento Xeral da RFEF sinala que terán a cualificación de competicións oficiais estatais de carácter profesional, “a Primeira e Segunda División do Campionato Nacional de Liga, e os equipos adscritos a unha e outra integran, en exclusiva e obrigatoriamente, a Liga Nacional de Fútbol Profesional”.

c) incida sobre unha competición deportiva internacional.

A actual Lei do Deporte non define que se entende por competición deportiva internacional, pero si o seu Anteproxecto aprobado polo Consello de Ministros o 1 de febreiro do 2019. No seu art. 85 establécese que terán a consideración de competicións internacionais aquelas que, previa autorización do Consello Superior de Deportes, “se celebren en España, organizadas por unha federación deportiva española ou por un terceiro e nas que teñan lugar probas de carácter oficial ou non oficial abertas á participación de equipos, seleccións ou deportistas procedentes doutras federacións nacionais”.

## ACTIVIDADES PROPOSTAS

---

A lección teórica será complementada, como xa salientamos no apartado relativo aos principios metodolóxicos, coa aprendizaxe baseada en casos prácticos.

### 1. Caso práctico

Na xornada 38 da temporada 2019/2020 o “Club Atlético Souto” xa se atopaba matematicamente descendido con 18 puntos, en tanto que o “Real San Carlos Club Balompé” se estaba a xogar a última das prazas para poder competir na UEFA. Pola súa banda, o “Club Atlético Porta Norte” precisaba empatar ou gañar o seu partido e que a “Unión Deportiva Braña” perdesse ese último partido para facerse co campionato de liga.

Nesa última xornada enfrontábanse, por un lado, a “Unión Deportiva Braña” e o “Club Atlético Souto” e, doutro, o “Club Atlético Porta Norte” e o “Real San Carlos Club Balompé”. Co fin de alzarse co campionato de Liga, os membros da Xunta Directiva do “Club Atlético Porta Norte” mantiveron unha reunión con tres xogadores do “Club Atlético Souto” (o capitán, o porteiro e o dianteiro centro). Ambas as partes chegaron a un acordo polo cal se lles entregaría ao xogadores do “Club Atlético Souto” unha prima dun total de 600.000 € por gañar ese encontro. O 50 % desa contía foilles entregado nese intre, en tanto que o 50 % restante lles sería aboado se saían vitoriosos do mencionado partido.

O día 25 de maio do 2019 tivo lugar o encontro no que o “Club Atlético Souto” venceu á “Unión Deportiva Braña” por un gol. O “Club Atlético Porta Norte” tamén conseguiu os tres puntos sendo proclamado campión de liga. O 7 se xuño, os directivos do “Club Atlético Porta Norte” procederon a facer efectiva a entrega dos 300.000 € restantes ao capitán, o porteiro e ao dianteiro centro do “Club Atlético Souto”.

## 2. Pregunta

É constitutivo dun delito de corrupción deportiva a concesión de primas a terceiros para que gañen un partido? Razona xuridicamente a túa resposta.

## AVALIACIÓN

---

A realización satisfactoria das actividades propostas computarase conxuntamente coas restantes prácticas que o alumnado debe completar ao longo do semestre. Estas representan o 20 % da nota global final.

Polo que respecta á concreta valoración da actividade a realizar no marco desta unidade didáctica teranse en conta os seguintes aspectos: o grao de asimilación dos conceptos teóricos, a capacidade para a aplicación práctica de tales coñecementos, a coherencia na argumentación, o pensamento crítico e o axeitado emprego da linguaxe técnica.

## BIBLIOGRAFÍA

---

- AGUILAR ROMO, M.: “El delito de amaño de partidos en España tras la reforma de la LO 1/2015. Una reflexión sobre la conducta típica”, *Revista de Derecho y Proceso Penal*, núm. 54, 2019, pp. 1-28 (versión dixital).
- ÁLVAREZ VIZCAYA, M.: “Fraude en el deporte”, *Eunomía: Revisa en Cultura de la Legalidad*, núm. 4, 2013, pp. 216-225.
- ANARTE BORRALLLO, E. / ROMERO SÁNCHEZ, C.: “El delito de corrupción deportiva: aspectos metodológicos, dogmáticos y político-criminales”, *Revista Electrónica de Ciencia Penal y Criminología*, 14-20, 2012, pp. 1-58.
- BENÍTEZ ORTÚZAR, I. F.: “De los Delitos contra la integridad deportiva”. Acerca de la necesidad de un título autónomo aglutinador de las conductas delictivas intrínsecas a la práctica deportiva”, en MORRILLAS CUEVA, L. (dir.): *Respuestas jurídicas al fraude en el deporte*, Ed. Dykinson, Madrid, 2017, pp. 31-58.
- *El delito de fraudes deportivos. Aspectos criminológicos, político criminales y dogmático del artículo 286 bis.4 del Código Penal*, Ed. Dykinson, Madrid, 2011.
- BERDUGO GÓMEZ DE LA TORRE, I. / CERINA, G.D.: “Algunos problemas del nuevo delito de corrupción en el deporte”, *Revista General de Derecho Penal*, núm. 18, 2012.

- CANO PAÑOS, M.Á.: “Las recientes reformas de los delitos de corrupción en el deporte en el Derecho penal alemán”, en MORILLAS CUEVA, L. (dir.): *Respuestas jurídicas al fraude en el deporte*, Ed. Dykinson, Madrid, 2017, pp. 323-354.
- CASTRO MORENO, A.: “Corrupción en el deporte (art. 286 bis.4)”, en ÁLVAREZ GARCÍA, F.J. (dir.): *Comentarios a la Reforma Penal de 2010*, Ed. Tirant lo Blanch, Valencia, 2010, pp. 331-338.
- “El nuevo delito de corrupción en el deporte”, *Revista Aranzadi de Derecho de Deporte y Entretenimiento*, núm. 28, 2010, pp. 1-28 (versión digital).
- COMINO RÍOS, R.: “La intervención del poder estatal en el deporte profesional”, en MILLÁN GARRIDO, Antonio (coord.): *La reforma del régimen jurídico del deporte profesional*, Ed. Reus, Madrid, 2010, pp. 219-240.
- CORTÉS BECHIARELLI, E.: *El delito de corrupción deportiva*, Ed. Tirant lo Blanch, Valencia, 2012.
- “La llamada corrupción entre particulares”, en JUANES PECES, Á. (dir.): *Reforma del Código Penal. Perspectiva económica tras la entrada en vigor de la Ley Orgánica 5/2010, de 22 de junio. Situación jurídico-penal del empresario*, El Derecho, Madrid, 2011, pp. 225-242.
- GARCÍA CABA, M. M<sup>a</sup>: La tipificación del delito de fraude deportivo en el derecho comparado y su extrapolación al proyecto de reforma del Código penal español: reflexiones, sugerencias y algunas ideas para perfeccionar el nuevo artículo 286 bis”, *Revista Andaluza de Derecho del Deporte*, núm. 8, 2010, pp. 213-240.
- GILI PASCUAL, A.: “La tipificación penal del fraude en competiciones deportivas: problemas técnicos y aplicativos”, *Revista de Derecho Penal y Criminología*, núm. 8, 2012, pp. 13-70.
- IBARS VELASCO, D.: “Corrupción en el deporte”, en QUINTERO OLIVARES, G. (dir.): *Comentario a la reforma penal de 2015*, Ed. Thomson Reuters Aranzadi, 2015, pp. 577-584.
- MORILLAS CUEVA, L.: “El tratamiento jurídico del fraude en el deporte del Derecho comparado. Las experiencias de Italia, Portugal y Alemania”, en CARDENAL CARRO, M. / GARCÍA CABA, M. / GARCÍA SILVERO, E. (coords.): *¿Es necesaria la represión penal para evitar los fraudes en el deporte profesional?*, Laborum Ediciones, Murcia, 2009, pp. 39-69.
- MORILLAS FERNÁNDEZ, D.L.: “La especial gravedad como circunstancia agravatoria de la responsabilidad penal en el delito de fraude deportivo”, en MORILLAS CUEVA, L. (dir.): *Respuestas jurídicas al fraude en el deporte*, Ed. Dykinson, Madrid, 2017, pp. 87-104.
- MONROY ANTÓN, A.J.: “El nuevo Código Penal contra los corruptos en el deporte”, *Diario La Ley*, núm. 7534, 2010, pp. 1-5 (versión digital).
- ORTIZ DE URBINA GIMENO, I.: “La corrupción en el deporte en el derecho penal español: ¿un legislador torpe, inmoral o estratégico?”, en GÓMEZ MARTÍN, V. / MONTIEL, J.P. / SATZGER, H. (eds.): *Estrategias penales y procesales de lucha contra la corrupción*, Ed. Marcial Pons, Madrid, 2019, pp. 133-153.
- PANIAGUA, J. / SOLÍS, J.: “Comentarios al laudo del Tribunal Arbitral del Deporte (TAS / CAS) en el caso Eskisehirspor Kulübü vs UEFA. CAS2014/A/3628”,

- Revista Aranzadi de Derecho de Deporte y Entretenimiento*, núm. 45, 2014, pp. 505-520.
- PÉREZ FERRER, F.: “Principales novedades en los delitos de fraude deportivo tras la reforma de la LO 1/2015, de 30 de marzo”, en MORILLAS CUEVA, L. (dir.): *Respuestas jurídicas al fraude en el deporte*, Ed. Dykinson, Madrid, 2017, pp. 61-86.
- PÉREZ TREVIÑO, J.L.: “¿Por qué están mal las primas a terceros por ganar en el fútbol?”, *Revista Española de Derecho Deportivo*, núm. 39, 2017, pp. 11-27.
- PRAT WESTERLINDH, C.: “El delito de corrupción en el deporte”, *La Ley Penal*, núm. 81, 2011, pp. 1-11 (versión dixital).
- RÍOS CORBACHO, J.M.: “El problema de la corrupción, las apuestas deportivas y el Derecho penal”, *Revista Aranzadi de Derecho de Deporte y Entretenimiento*, núm. 38, 2013, pp. 1-43 (versión dixital).
- SÁNCHEZ BERNAL, J.: “Los delitos de corrupción en el deporte en España, Portugal y Brasil. Similitudes y diferencias”, *Revista de Estudios Brasileños*, núm. 12, 2019, pp. 13-25.
- El delito de corrupción deportiva tras la reforma de 2015*, Ed. Tirant lo Blanch, Valencia, 2018.
- “Nuevos perfiles de la corrupción y política criminal: delitos de corrupción entre particulares y de fraude en el deporte en los ordenamientos jurídico-penales de España y Portugal”, *Revista Penal*, núm. 38, 2016, pp. 276-298.
- SATZGER, H.: “Corrupción y deporte”, en GÓMEZ MARTÍN, V. / MONTIEL, J.P. / SATZGER, H. (eds.): *Estrategias penales y procesales de lucha contra la corrupción*, Ed. Marcial Pons, Madrid, 2019, pp. 155-170.
- TORRES FERNÁNDEZ, M<sup>a</sup>.E.: “El delito de fraude en la competición deportiva del artículo 286 bis 4 del Código Penal”, *Revista Aranzadi de Derecho de Deporte y Entretenimiento*, núm. 57, 2017, pp. 103-132.
- “Reflexiones sobre la corrupción en las competiciones deportivas. A propósito del delito del artículo 286 bis 4 del Código Penal”, en JIMÉNEZ GARCÍA, F. / ROPERO CARRASCO, J. (dirs.): *Blanqueo de capitales y corrupción: interacciones para su erradicación desde el derecho internacional y los sistemas nacionales*, Ed. Thomson Reuters-Aranzadi, Navarra, 2017, pp. 277-304.

### **Xurisprudencia**

#### **Audiencia Nacional**

AAN núm. 446/2014, do 20 de xaneiro.

#### **Audiencia Provincial**

SAP de Navarra núm. 111/2020, do 23 de abril.

AAP de Navarra núm. 249/2017, do 30 de maio.





Unha colección orientada a editar materiais docentes de calidade e pensada para apoiar o traballo do profesorado e do alumnado de todas as materias e titulacións da universidade

unidadesdidácticas  
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA